

7.1.4 OBXECTO DA INSTALACIÓN DO PROXECTO

O obxecto da rede de sumidoiros do presente proxecto é a recollida e evacuación das augas pluviais na totalidade da zona afectada, tanto na zona do viario como na beirarrúa que ten pendente hacia a zona do vial, de forma que sexa factible agrupar os sumidoiros no borde da actuación proxectada co vial existente.

Para recoller as augas pluviais nos viais, bandas de servizo e aparcamentos, do entorno dos edificios xa existe unha rede de pluviais que se complementará cunha serie de sumidoiros nos puntos baixos de encontro, que sempre se producen na intersección de dous viais, tamén se previron sistematicamente absorbederos a unha distancia mínima de 25 m. e un máximo de 50.

Todos estes absorbederos teñen unha profundidade mínima de 1,50 m. e o seu desaugadoiro realízase mediante tubular de 30, con pendente do 1%, á rede unitaria a través dun dos pozos da devandita rede.

7.1.5 CRITERIOS SEGUIDOS PARA CUMPRIR OS REGULAMENTOS E INSTRUCCIÓNS NACIONAIS E AS NORMAS MUNICIPAIS.

Tivéronse en conta as ordenanzas municipais.

Así mesmo, seguíronse a Normalización de Elementos Construtivos para obras de Urbanización (1987); o Prego de Prescricións Técnicas Xerais para Canalizacións de Saneamento de Poboacións do M.O.P.U. (1986).

7.1.6 CRITERIOS XERAIS DE CÁLCULO

Consideramos que a rede existente ten unha dimensión axeitada que fai factible a absorción das pluviais da zona reformada. En todo caso os parámetros para o cálculo dos caudais de augas a evacuar pola rede de rede de sumidoiros utilizáronse os parámetros básicos adoptados, foron os seguintes:

- Augas pluviais: 29,3 mm./hora.
- Coeficiente de escorrentía medio: 0,4 - 0,8.
- Diámetro mínimo: 30 cm. na rede xeral, en acometidas e absorbederos.
- Diámetro máximo en tubular: 50 cm.
- Velocidade mínima: 0,5 m/seg.
- Velocidade máxima: 3 m/seg. (tubular) e 5 m/seg. (galerías).
- Separación máxima entre pozos de rexistro en conducións tubulares: 50 metros.



7.1.7 CARACTERÍSTICAS DAS OBRAS

A rede de saneamento como queda dito é simplemente de complementariedade dos sumidoiros existentes e a rede previa, tratándose mais ben de unha recolocación dos sumidoiros que unha nova rede.

Os absorbederos teñen, polo menos, unha profundidade de 1,5 e conéctanse á rede deseñada mediante tubulares de pendente mínima do 1%.

Os tubos ápoianse sobre cama de formigón H-150 ou material granular compactado, segundo o resultado do cálculo efectuado e a serie dos tubulares B, C ou D, existentes no mercado.

Os tubulares terán un recheo de material seleccionado fino, exento de pedras e escouras, cun espesor mínimo de 15 cm. por enriba da clave.

As obras de fábrica constrúiranse con ladrillo macizo de 1 pé de espesor sobre soleiras de formigón H-200

7.2 INSTALACION DE ALUMEADO PUBLICO

O alumeadado público do vial da rúa Diego Sarmiento mantense no básico como na actualidade, xa que non se incide no vial, nen se pretende o cambio das súas características básicas. Únicamente se procederá a un pequeno traslado de tres farolas para que coincidan axeitadamente coa zona de aparcadoiro proxectada, xa que, aínda que se intenta incidir o menos posible, deixándoas na actual disposición coinciden en zona de tránsito dos aparcadoiros. En todo caso, se tratará só como se di da substitución de tres das farolas existentes, unha delas no mesmo sitio, e outras dúas se trasladan o bordo da beirarrúa e se suplementan con unha farola mais, de forma que o total das farolas instaladas é de catro, do tipo INDALUZ QUIOS IQD conservando no básico a instalación existente, aproveitando no posible as instalacións existentes, agás a que sexa preciso suplementar para dar servizo á nova luminaria instalada

7.2.2 INSTALACION DE ILUMINACIÓN PUBLICO

7.2.2.1 OBXECTO DO PROXECTO.

As obras a que se refire este Proxecto teñen por finalidade dispoñer dunhas instalacións de Iluminación Pública, sendo o obxectivo principal o de proporcionar a iluminación necesaria para obter a máxima seguridade do tráfico e a zona peonil. Aumentar a seguridade dos cidadáns contra a delincuencia e o vandalismo, e promover o progreso e desenvolvemento da comunidade nos aspectos cívico e comercial.



7.2.2.2 NORMATIVA.

Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.

Criterios Técnicos, da Dirección Xeral de Industria da Xunta de Galicia

Normas Particulares da compañía subministradora.

7.2.2.3 NIVEL DE ILUMINACIÓN.

Nos paseos peonís, e zonas axardinadas o nivel situarase mínimo 20 lux. nas zonas de viais 25-30 lux con uniformidade media de 0.55 0.50. A calidade de iluminación exterior debe medirse dacordo cos criterios marcados pola CIE e a regulamentación vixente , tomando en consideracion os niveles de luminancia uniformidade e ausencia de deslumbramento. As columnas están distribuídas uniformemente ao longo da beirarrúa

7.2.2.4 ESTÉTICA

Non pode esquecerse que a instalación vai ser vista durante un grande número de horas con luz diúrna e que se xulgará polo seu aspecto estético.

Utilizaranse apoios e luminarias, que harmonicen co ámbito.

7.2.2.5 ECONOMÍA

Tendo en conta que a finalidade esencial de toda instalación de iluminación, é a de obter un determinado nivel de luz cun custo mínimo, haberá que considerar que o custo de instalación resulta da suma do seu custo inicial máis o custo de mantemento durante os anos de amortización, de forma que aseguren os resultados luminotécnicos e estéticos previstos. Baseándose nestes criterios empregaranse os materiais axeitados para obter o máximo rendemento e proporcionar un servizo seguro e económico durante un grande período de tempo.

Na carcasa, aloxarase o equipo de arranque, que será de AF e lámpadas de halogenuros metálicos.

7.2.2.6 LUMINARIAS

As luminarias a instalar nas zonas peonís, prazas e zonas axardinadas, serán do tipo INDAL ARC serán conformes á norma UNE-EN 60598 serán homologadas. Equipo e cableado clase II



No lo referente ao factor de mantemento e ao fluxo hemisférico superior instalado cumprarán co disposto na ITC-EA-06 e a ITC-EA-03 respectivamente.

Ademais as luminarias deberán elixirse de forma que cumplan os valores de eficiencia enerxética mínima para instalacións de alumbrado vial e o resto de requisitos para outras instalacións de alumbrado según o indicado na ITC-EA-01

LAMPARAS

As lamparas utilizadas en instalacións de alumbrado exterior terán unha eficiencia luminosa superior a 65 lum/w para alumbrado de vial.

7.2.2.7 SOPORTES

Serán de fundición aluminio pintado en polvo de poliéster, gris/negro fijacion a brazo diametro 50mm en punta y columna galvanizada y pintada con ACCES D modado B de 9 m de altura, incluidos pernos, con portezuela de acceso á caixa de derivación e protección.

A súa altura será de 9 m e cumprarán co RD 2642/85, RD 401/89 OM de 16/5/89, serán de materiais resistentes á intemperie e estarán debidamente protexidas contra éstas no debendo permitir a entrada de auga de chuvia nin acumulación de auga de condensación. Os soportes os seus ancoraxes e cimentacións dimensionaranse de forma que resistasn as solicitacións mecánicas, particularmente tendo en conta a acción do vento, con un coeficiente de seguridade non menor de 2,5, considerando as luminarias completas instaladas con soporte.

Os soportes poseerán unha apertura de dimensións axeitadas ao equipo eléctrico para acceder aos elementos de protección e maniobra, a parte inferior de dita abertura estará situada como mínimo a 0,30 m da rsante e estará dotada de porta ou trampilla de grado de proteccion IP 44 SEGUN UNE 20324 (60529) E IK10 segun UNE 50102 a porta ou trampilla só se poderá abrir mediante o emprego de útiles especiais e disporá dun borne de terra cando sexa metálica



A tensión de distribución dispoñible, é de 220/380 V. As seccións dos condutores dos diferentes circuítos determinarémolos pola fórmula:

$$0,031 \times L \times P \quad \text{Trifásica } S = \text{-----}$$

$$1,73 \times U \times V.$$

$$0,036 \times L \times P$$

$$\text{Monofásica } S = \text{-----}$$

$$O_u \times V.$$

sendo:

L = Lonxitude simple da liña

P = Potencia instalada en watios.

U = Caída de tensión admisible en % =3% (MIBT 017)

V = Tensión nominal entre fases.

2.3.5 PREVISIÓN DE CARGAS

Como queda dito so se aumenta a potencia dunha farola mentres que se substitúen outras tres, polo que entendemos necesario en obra a comprobación do estado da rede que supoñemos perfectamente capaz de asumir a pequena reforma parcial que se propón respecto á potencia existente na actualidade

1 lámpadas de halogenuros metálicos de 400 W =400 W.

Total 250 W



Digital signed by:
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
Date: 04/09/2013 11:35:10
Location: Santiago de Compostela

CVE: ADED62996D8E
La zona de verificación de la web del COAG www.coag.es
Fecha: 04/09/2013



1306849.1
04.09.2013
11:35:10
visado
confirmado en certificado anexo